



ÁNGELA RUÍZ ROBLES

Villamanín (León), 1895
Ferrol (A Coruña), 1975

Foi unha mestra, escritora e inventora, precursora da aparición do libro electrónico. Realizou os seus estudos superiores na Escola de Maxisterio de León, onde impartiu as súas primeiras clases de Taquigrafía, Mecnografía e Contabilidade Mercantil entre 1915 e 1916. En 1917 foi nomeada docente e directora da Escola de Gordón (León), e un ano máis tarde obtivo a praza de mestra en Santa Uxía de Mandiá (Ferrol). Posteriormente ocupárase da xerencia da Escola Nacional de Nenas do Hospicio (1934).

Despois da Guerra Civil foi profesora da Escola Obreira Gratuíta. En 1948 ensina Taquigrafía, Ortografía, Gramática e Mecnografía no Colexio Ibáñez Martín e desde 1959 será a directora até a súa xubilación. Entre 1938 e 1946 escribe, imparte conferencias, edita e reedita a maior parte da súa obra científica, un total de dezaseis libros. Os tres primeiros son os seguintes: Compendio de ortografía castellana, Ortografía castellana e Taquigrafía martiniana abreviada moderna. Imparte clases a opositores de alfándegas, correos, telégrafos e para o ingreso en altos estudos mercantís na academia para adultos da súa propiedade, Elmaca.

En 1944 realiza o *Atlas científico gramatical*, un innovador despregable dividido en unidades didácticas, resumos sinópticos e ligazóns sistemáticas unidos conceptualmente arredor da gramática. A unión das súas vocacións didáctica e social foi sen dúbida a principal motivación para que en 1947 lle fose concedida a Cruz de Afonso X o Sabio, en recoñecemento á súa carreira profesional.

En 1949 patenta un libro mecánico: procedemento mecánico, eléctrico e a presión de aire para a lectura de libros; e no 1962 rexistra unha segunda patente: un aparato para lecturas e exercicios diversos a que lle deu o nome de Enciclopedia mecánica. O invento consta de dúas partes: na esquerda, unha serie de abecedarios automáticos en varios idiomas, coa posibilidade de formar palabras e frases. Na parte inferior, un plástico para escribir, operar ou debuxar e despois poder borrar o feito. Na dereita van as materias, que poden ser lidas sen luz. Dispón tamén dun dispositivo magnetofónico que permite dotar de son as leccións desenvolvidas.

O prototipo fabricouse no Parque de Artillería de Ferrol e consérvase actualmente no Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía da Coruña.

Referencias bibliográficas:

- VV. AA. (2013). *Ángela Ruíz Robles y la invención del libro mecánico*. Madrid, Ministerio de Economía e Competitividade: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- Ruíz Robles, A. (1941). *Taquigrafía martiniana abreviada moderna*. A Coruña: Moret.
- Ruíz Robles, A. (1940). *Compendio de ortografía castellana según la Academia Española*. A Coruña: Moret.